

Convenio	Importe €	Data sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Boqueixón no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Outeiro de Rei no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Portas no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Maceda no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello do Iríxo no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Sobrado no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Paradelo no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Frades no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Sandiás no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Carballedo no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Baños de Molgas no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 163/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz	8.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello Galego de Procuradores para o funcionamento do servizo de recepción de copias e notificacións	130.000,00 €	18-12-2009
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Consello da Avogacía Galega para o funcionamento do servizo de orientación xurídica	180.000,00 €	18-12-2009
Convenio de colaboración entre o Ministerio de Igualdade e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a realización de programas de reeducación de maltratadores	124.596,00 €	18-12-2009

ANEXO II

Convenios de colaboración suscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pendentes da súa publicación

Convenio	Importe €	Data sinatura
Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre normalización lingüística no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009	199.670,00 €	13-2-2009

Convenio	Importe €	Data sinatura
Convenio entre a Xunta de Galicia, a Fiscalía Xeral do Estado, a Deputación Provincial da Coruña, o Centro de Estudos Xurídicos e a <i>Fundación Caixa Galicia</i> -Claudio San Martín relativo ao programa de formación continuada de fiscais <i>Escola de verán do Ministerio Fiscal</i>	36.000,00 €	16-6-2009
Convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e a <i>Fundación Caixa Galicia</i> -Claudio San Martín relativo ao programa de formación continuada de xuíces e maxistrados <i>Escola de Verán do Poder Xudicial</i>	70.000,00 €	30-6-2009
Convenio de colaboración en materia de formación continuada de xuíces e maxistrados entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia para o ano 2009	48.731,00 €	10-7-2009
Addenda ao Convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio de Interior e a Xunta de Galicia en materia de seguridade nos edificios da Administración de xustiza en Galicia para 2009	1.583.853,00 €	17-7-2009
Acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o estudo de determinados aspectos relacionados co consumo de drogas	78.520,59 €	26-8-2009

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 17 de febreiro de 2010 pola que se convocan axudas para participar no programa de integración Aulas da Natureza 2010.

As Aulas da Natureza cumpren unha función importante ao facilitarlles aos alumnos a posibilidade de realizar múltiples actividades de tipo formativo, cultural e deportivo, así como de integración formal no medio propiamente escolar, xa que sitúan o neno nun medio diferente ao seu, que o leva a propiciar unha maior convivencia e cooperación cos profesores e compañeiros, ampliando os seus coñecementos e a súa comprensión integral, ao coñecer diferentes lugares, xentes, terras, costumes, historia e recursos.

Así mesmo, permiten a integración, mediante a convivencia, de alumnos de réxime xeral e alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

Con base no acordo suscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación, e co fin de permitirles aos alumnos galegos cunha idade comprendida entre os 11 e os 13 anos o contacto directo con outras zonas e culturas de España, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-*Obxecto do programa.*

Esta convocatoria ten por obxecto promover a convivencia e integración dos alumnos participantes con outros compañeiros de distintas zonas e culturas, ademais da integración de alumnos de réxime xeral e alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, no centro de programas educativos de Viérnoles en Torrelavega (Cantabria).

Segundo.-*Requisitos de participación.*

Poderán solicitar a súa participación os alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

a) Para os alumnos de réxime xeral: ter unha idade comprendida entre os 11 e os 13 anos durante o período de realización da actividade.

b) Os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo deberán estar escolarizados en centros ordinarios ou específicos. Así mesmo, deberán posuír un grao de autonomía e condicións persoais que posibiliten a súa adaptación a programas de integración e a súa participación en actividades de grupo, polo que, tratándose de minusvalidez psíquica, o grao de discapacidade será lixeiro ou moderado, requisito que deberá ser certificado polo director do centro docente en que o alumno estea matriculado no curso 2009-2010.

Así mesmo, estes alumnos deberán ter idades comprendidas entre os 11 e os 13 anos durante o período de realización da actividade, ben que, de forma excepcional, poderán participar alumnos de ata 16 anos, sempre que esta circunstancia sexa aconsellada polo responsable do equipo de orientación específico ou do departamento de orientación do centro no correspondente anexo III, e se trate de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, escolarizados en centros ordinarios ou específicos.

Terceiro.-*Solicitudes.*

1. Os alumnos que desexen participar deberán solicitar a través do centro educativo no cal estean escolarizados, cubrindo o modelo de instancia que figura como anexo I a esta orde.

Na epígrafe de quenda solicitada polos alumnos deberá vir cuberto o recadro que proceda cun X, ou ben por orde de prioridade, segundo sexa o caso 1, 2 ou 3.

2. Ás solicitudes xuntaráselles a seguinte documentación:

a) Cuestionario individual do alumno, anexo II.

b) No caso de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo deberán achegar, ademais:

-Informe técnico do equipo de orientación específico ou do departamento de orientación do centro, anexo III, no cal se certificará que o alumno cumpre os requisitos establecidos no punto 2º b) desta orde.

-Certificado de minusvalidez ou ditame vixente de escolarización por necesidades específicas.

3. O prazo de presentación de solicitudes nos centros será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Dentro dos dez días naturais seguintes ao de remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, os directores dos centros remitirán as

solicitudes e o resto da documentación aos departamentos territoriais correspondentes, á atención do/a coordinador/a do programa en cada provincia, e que a continuación se relacionan:

-A Coruña: inspectora de Educación. Berta Estrada Arias. Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña. Salvador de Madariaga, s/n (zona Monelos), 15008 A Coruña.

-Lugo: inspectora de Educación. Celsa González García. Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Lugo. Rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

-Ourense: inspector de Educación. Delfín Caseiro Nogueiras. Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Ourense. Rúa Concello, 13, 32003 Ourense.

-Pontevedra: inspector de Educación. Carlos Rába-de Pallares. Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra. R/ Fernández Ladreda, 43, 7º e 8º, 36003 Pontevedra.

Cuarto.-*Procedemento de selección.*

1. En cada provincia constituirase unha comisión de valoración das solicitudes presentadas que estará presidida polo/a inspector/a de educación coordinador do programa, e integrada, en calidade de vogais, por:

-Un director dun centro educativo participante.

-Un membro dos equipos de orientación específicos, designado polo/a xefe/a do departamento territorial correspondente.

-Un pai/nai dun/dunha alumno/a solicitante.

Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario do departamento territorial.

Valorarase que as solicitudes estean debidamente cubertas e acheguen a máxima información posible. A comisión terá en conta os criterios de selección recollidos no punto 5 desta orde.

2. Esta comisión de valoración enviaralle á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo máximo de vinte (20) días naturais contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a seguinte documentación:

a) Relacións, por orde de prioridade, de alumnos de réxime xeral e de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, propostos para a súa participación no programa, con indicación da quenda.

b) Relación de alumnos excluídos, que incluírá aqueles que presentasen a solicitude fóra de prazo, así como os que non cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

3. Responsable do programa: José Luis Vázquez Vázquez. Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Lugo (Ins-

pección de Educación). Rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

4. A proposta definitiva de beneficiarios será realizada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a través dunha comisión constituída para tal fin e baseada nas propostas das comisións provinciais, tendo en conta que o número de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo non poderá superar o 30% do total, para cada quenda.

Quinto.-Criterios de selección.

1. Xerais. Para a selección de todos os alumnos teranse en conta os seguintes criterios xerais:

a) Situación de orfandade (dun só proxenitor ou responsable familiar: 5 puntos, ou dos dous proxenitores ou responsables familiares: 10 puntos).

b) Pertenza a familias en que os sustentadores principais se encontren en situación de desemprego ou sexan pensionistas (un só sustentador ou responsable familiar: 5 puntos, ou os dous sustentadores ou responsables familiares: 10 puntos).

c) Pertenza a familias numerosas (acreditar categoría): ata 10 puntos.

d) Ter a condición de bolseiro de calquera convocatoria de axudas realizada polas administracións educativas: ata 10 puntos.

e) Non ter a condición de beneficiario destas axudas nos últimos dous anos: ata 10 puntos.

f) Outras circunstancias familiares e/ou económicas que dean lugar a situacións de desprotección para os alumnos e que poidan ser valorados polos órganos de selección correspondentes: ata 10 puntos.

2. Criterios específicos: valoraranse as características persoais do alumno derivadas do tipo de escolarización que presenta, e fundamentalmente as posibilidades reais de participación no programa de integración. Para valorar estes aspectos terase en conta a información dos anexos II e III.

A valoración será dun máximo de 65 puntos.

Sexto.-Desenvolvemento do programa.

1. Os alumnos participantes desenvolverán a súas actividades en períodos de doce días no centro de programas educativos de Viérnoles en Torrelavega (Cantabria), de acordo coa seguinte distribución temporal:

1ª quenda: do 12 ao 23 de xullo de 2010.

2ª quenda: do 23 de xullo ao 3 de agosto de 2010.

3ª quenda: do 3 ao 14 de agosto de 2010.

2. O lugar de xuntanza de onde sairá o autobús para Viérnoles (Cantabria) e a onde regresará será o IES Lucus Augusti de Lugo.

3. O traslado dos alumnos desde o seu domicilio ao IES Lucus Augusti de Lugo e o regreso desde este centro ao domicilio familiar serán por conta da familia.

4. A estancia e o desprazamento dos alumnos seleccionados desde o IES Lucus Augusti de Lugo á localidade de Viérnoles (Cantabria) e o regreso serán gratuitos.

5. No campamento de Viérnoles (Cantabria) este programa estará coordinado por un responsable titulado e un número de monitores especialmente preparados para este tipo de actividades, coa atención médica necesaria. Así mesmo, os alumnos terán un seguro de accidente e de responsabilidade civil subscrito para o efecto polo Ministerio de Educación.

6. O centro de programas educativos de Viérnoles é unha instalación fixa, situada nun contorno adecuado para os obxectivos do programa, e está correctamente dotada.

Sétimo.-Proposta de alumnos beneficiarios.

1. A proposta dos alumnos beneficiarios das axudas farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia*.

2. A Administración educativa enviará ao centro ao cal pertencen os alumnos a relación dos alumnos propostos e a información necesaria para poderen participar: quenda, data, lugar e hora de saída, materiais necesarios para participar, etc.

3. O prazo máximo para elaborar a proposta será de tres (3) meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria. As solicitudes consideraranse desestimadas de non se publicar a proposta no prazo sinalado.

Oitavo.-Reclamacións.

Contra a proposta dos alumnos seleccionados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderase interpoñer reclamación, no prazo máximo de dez (10) días naturais, segundo o disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Novena.-Resolución definitiva.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a resolución definitiva ditada polo Ministerio de Educación será publicada no BOE.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar todas as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN AULAS DA NATUREZA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED504A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
--	---	---

1.-DATOS FAMILIARES

APELIDOS E NOME DO ALUMNO SOLICITANTE		DATA DE NACEMENTO	
DOMICILIO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
CONCELLO	TELÉFONO	APELIDOS E NOME DO PAI, NAI OU TITOR	
PROFESIÓN DO PAI, NAI OU TITOR (ESPECIFIQUESE NO CASO DE QUE AMBOS TRABALLEN)			
Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (INCLUIDO O SOLICITANTE)	Nº DE IRMÁNS	LUGAR QUE OCUPA	TELÉFONO DE CONTACTO DURANTE A ACTIVIDADE

AUTORIZACIÓN

Don/Dona _____, co DNI _____, como pai/nai/titor do alumno _____, solicita e outorga a súa autorización para que participe no programa de integración Aulas da Natureza e reciba a atención médica que, se é o caso, fose necesaria. Así mesmo, acepta que, no caso de se producir algunha circunstancia que aconselle a interrupción da súa participación nel, o alumno poida regresar ao seu domicilio antes da data prevista. Autoriza a cesión dos datos e información contidos nesta solicitude á empresa organizadora destas actividades, co único fin de recibir a información e atención necesarias en relación con este programa. Declara, ademais, que acepta as bases desta convocatoria.

2.-DATOS DO CENTRO

NOME DO CENTRO		ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
SINALE CUN X TIPO DE CENTRO: <input type="checkbox"/> PÚBLICO <input type="checkbox"/> PRIVADO CONCERTADO TIPO DE ESCOLARIZACIÓN: <input type="checkbox"/> ALUMNADO DE RÉXIME XERAL <input type="checkbox"/> ALUMNADO DE RÉXIME XERAL CON ADAPTACIÓNS CURRICULARES <input type="checkbox"/> ALUMNADO ESCOLARIZADO CON DITAME DE ESCOLARIZACIÓN POR NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS			
CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO O ALUMNO NO ANO ESCOLAR 2009/2010		MESTRE DE CONTACTO	

SITUACIÓNS ESPECÍFICAS (SINALE CUN X OU INDIQUE 1 OU 2, SEGUNDO PROCEDA)

<input type="checkbox"/> O SOLICITANTE ENCÓNTRASE EN SITUACIÓN DE ORFANDE (INDIQUE 1 OU 2)	<input type="checkbox"/> O SOLICITANTE NON FOI BENEFICIARIO DESTE PROGRAMA NOS CURSOS 2007-2008 OU 2009-2010
<input type="checkbox"/> PERTENCE A FAMILIA EN QUE OS SUSTENTADORES PRINCIPAIS SE ENCONTRAN EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO OU SON PENSIONISTAS (INDIQUE 1 OU 2)	<input type="checkbox"/> OUTRAS SITUACIÓNS
<input type="checkbox"/> PERTENCE A FAMILIA NUMEROSA (ACREDITAR CATEGORÍA)	QUENDA <input type="checkbox"/> 1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3
<input type="checkbox"/> TEN A CONDICIÓN DE BOLSEIRO DE CALQUERA CONVOCATORIA DE AXUDAS REALIZADA POLAS ADMINISTRACIÓNS EDUCATIVAS	<input type="checkbox"/> ESPAZO RESERVADO PARA A PUNTUACIÓN POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN

Don/Dona _____, como presidente/a do Consello Escolar, certifica que o alumno a que se refire esta solicitude se encontra nas situacións que se especifican neste punto.

_____, de _____ de _____

Selo do centro _____ (sinatura)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 17 de febreiro de 2010 pola que se convocan axudas para participar no programa de integración Aulas da Natureza 2010.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA
Lugar e data _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Inspector/a coordinador/a do programa de integración Aulas da Natureza

ANEXO II
CUESTIONARIO INDIVIDUAL DO ALUMNO

1.-CUESTIONARIO MÉDICO (PARA CUBRIR POLO PAI/NAI/TITOR, SE É O CASO)

A) ¿Toma algunha medicación? (marque cun X a resposta que proceda) SI NON

En caso afirmativo, especifique que medicamento toma, doses diarias e horario:

¿É responsable da súa medicación ou necesita algunha persoa que o supervise?

B) ¿Padece algún tipo de alerxia? (marque cun X a resposta que proceda) SI NON

En caso afirmativo, indicar cales:

C) Relacione as enfermidades de que está vacunado:

D) Segue algún réxime especial de comidas:

E) Explique calquera outra circunstancia que poida resultar de interese e/ou que deba ser tida en conta en relación coa asistencia do alumno:

2.-BREVE INFORME (PARA CUBRIR POLO CENTRO, PARA TODOS OS ALUMNOS)

1.-Nivel de escolarización:

2.-Apoios que recibe dentro e fóra da aula: (gabinetes, logopedia):

3.-Socialización, tipo de relación:

-Cos demais alumnos:

-Cos mestres:

-Habilidades sociais:

4.-Comportamento:

-Dentro da aula:

-Fóra da aula:

-Resposta ante determinadas situacións:

5.-Características xerais do seu proceso de aprendizaxe:

6.-Dificultades que poida presentar a asistencia do alumno ao programa e medidas que hai que tomar:

7.-Observacións:

_____, de _____ de _____

Visto e prace, o director do centro
(Sinatura e selo do centro)

O titor

ANEXO III

**INFORME TÉCNICO DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO OU DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CENTRO
(PARA CUBRIR UNICAMENTE PARA OS ALUMNOS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO)**
1.-TIPO DE ESCOLARIZACIÓNNivel Tipo de centro ORDINARIO ESPECÍFICO**2.-DESCRIPCIÓN DA DISCAPACIDADE**2.1.-Diagnóstico clínico (se o houber)

2.2.-Tipo de discapacidade que presenta o alumno e breve descripción dela:

- Física: MOTORA ORGÁNICA FUNCIONAL- Psíquica: LIXEIRA MODERADA- Sensorial: AUDITIVA VISUAL- Trastorno do comportamento e/ou personalidade: - Outras:

2.3.-Breve descripción das características persoais de alumnos nas seguintes áreas:

Motricidade:

Nivel intelectual e habilidades cognitivas: (indicar, se é o caso, se existe desfasamento da idade prevista no punto dous da convocatoria):

Linguaxe e comunicación: Habilidades sociais: Autonomía persoal: Conduta adaptativa:

Observacións de interese:

2.4.-Necesidades especiais que ten e apoios que precisa:

2.4.1.-Se necesita atención médica ou física, a que corresponda:

2.4.2.-Segundo o seu grao de autonomía persoal, indicar o apoio que necesita nos seguintes puntos:

-Vestido: -Alimentación: -Aseo: - Desprazamentos: - Control de esfínteres:

2.4.3.-Obxectivos que se tratarán co alumno durante o desenvolvemento do programa:

2.4.4.- Información sobre o alumnado con idades comprendidas entre os 13 e ata os 16 anos, durante o período de realización da actividade e as posibilidades reais de participación en actividades propias do grupo de idades de 11 a 13 anos.

, de de

(Equipo de orientación específico ou departamento de orientación do centro)

CERTIFICACIÓNDon/Dona , como director/a do centro certifica que o/a alumno/a está matriculado/a durante

o curso 2009/2010 no mencionado centro e que posúe suficiente grao de autonomía para participar nos programas de integración, e reúne os requisitos exixidos no punto 2 b) da orde pola que se regula a participación no programa de integración Aulas da Natureza.

Asdo.: